



Area / Unidade GESTION DEL SUELO UR2200 MBM	Documento 62019I04PL	
Código de verificación  6I17 376D 2R1B 3H6Q 0JAK	Expediente 620/2024/124	
	Data 22-12-2025	

ANUNCIO de aprobación da transmisión do aproveitamento na parcela de resultado Z4R2L 1B e Z4 R2L do sector 2 “San Pedro de Visma” de titularidade municipal, aprobación das bases do convenio e formalización da permuta (expediente 620/2024/124).

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 17 de decembro de 2025, adoptou, entre outros o seguinte acordo:

“PRIMEIRO.- Aprobar as bases asinadas o 10 de novembro de 2025 entre o Concello de A Coruña e o representante da entidade CYA INVERSIONES XXI SOCIEDAD LIMITADA.

SEGUNDO.- Executar o acordo da Comisión de Goberno de 13 de setembro de 2002 referido ao convenio urbanístico entre o Concello da Coruña e a mercantil “Costa Coruña S.L.” (que cedeu os seus dereitos a favor de CYA INVERSIONES XXI SOCIEDAD LIMITADA con CIF B02972842) , entregando o Concello da Coruña por equivalencia de valores acordada no dito acordo municipal do 13 de setembro de 2002, o aproveitamento de 1.819,00 m²etuc da parcela Z4-R2L-1B do Proxecto de Compensación de Sector 2 “San Pedro de Visma”, que representa unha participación no subbloque do 59,98331% titularidade do Concello da Coruña, con servidumes de apoio e de paso sobre a parcela Z4-R2L nos termos que quedan sinalados ao describir a parcela Z4-R2L, e unha participación do 13,58882% na parcela do subsolo Z4-R2L titularidade do Concello da Coruña, a favor de CYA INVERSIONES XXI SOCIEDAD LIMITADA con CIF B02972842, ao permitir o dito acordo municipal de 13 de setembro de 2002 que Costa Coruña S.L. puidera ceder todos os dereitos dimanantes do dito convenio urbanístico.

A efectos fiscais, o dito aproveitamento municipal valórase en 461.386,72 € máis o 21% de IVE, 96.891,21 €, a cambio da finca rexistral 10588-N a que se lle outorga unha valoración de 409.970,24 € máis o 21% de IVE, 86.093,75 €, xunto co ingreso, que deberá aboar a dita entidade mercantil ao Concello previamente a formalización da transmisión do aproveitamento, da cantidade de 137.011,63€ (base imponible 113.232,75 € máis 23.778,88€ correspondentes ao 21 % de IVE) que se corresponde coa valoración outorgada ao aproveitamento pola diferenza de valor entre o aproveitamento convindo -afecto a gastos de urbanización- e o aproveitamento entregado -libre de gastos de urbanización-, renunciando dita entidade a calquera recurso ou reclamación administrativa ou xudicial, manifestando a



súa expresa conformidade coa dita transmisión, así como todos os dereitos e obrigas que a citada transmisión dea lugar.

TERCEIRO.- Anular a liquidación GTW-6306199, referencia de recadación 6306199-34-0 polo importe principal de 113.232,75 €, motivado en que dende a liquidación da débeda transcorreran 13 anos e o Concello non puido formalizar a entrega do aproveitamento comprometido indicado no apartado anterior e aprobar unha nova liquidación por importe de 113.232,75 € máis o 21% de IVE (23.778,88 €) a nome de CYA INVERSIONES XXI SOCIEDAD LIMITADA con CIF B02972842 no concepto de ingreso 397.10 “outros ingresos por aproveitamentos urbanísticos” que deberá aboarse, como requisito previo á formalización da transmisión do aproveitamento indicado no apartado anterior. Unha vez feito o ingreso emitirase a oportuna factura por importe de 137.011,63 € (base impositiva 113.232,75 € máis 23.778,88 € correspondente ao 21% de IVE). Dar traslado a Tesoureira Municipal.

CUARTO.- Aprobar a emisión da factura por importe total de 558.277,93 € (Base impositiva: 461.386,72 € valoración total do aproveitamento que se entrega. IVE do 21 %: 96.891,21 €), que se emitirá unha vez formalizada a transmisión.

QUINTO.- Para a formalización da permuta (acordada pola Comisión de Goberno de 13-09-2002) en escritura pública solicitarase turno notarial segundo establece o artigo 3 do “Reglamento de la organización y régimen del Notariado”.

Os gastos notariales así como a inscrición no Rexistro da Propiedade, serán a costa da entidade CYA INVERSIONES XXI SOCIEDAD LIMITADA, conforme ao establecido no punto “TERCEIRO” das bases asinadas o 10 de novembro de 2025.

SEXTO.- Facultar ó Concelleiro de Urbanismo, Rehabilitación e Vivenda do Concello de A Coruña, tan amplamente como sexa posible en dereito, para ditar cantos actos, resolucións e trámites sexan necesarios para executar este acordo, así como elevar a escritura pública a formalización da permuta indicada nas bases do convenio urbanístico aprobado pola Comisión de Goberno na sesión celebrada o día 13 de setembro de 2002, actuando en representación do Concello da Coruña.

SÉTIMO.- Publicar este acordo mediante a inserción de anuncio no Boletín Oficial da Provincia, así coma na sede electrónica municipal e notificar os interesados no expediente.”

Contra dito acordo, os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, que empezará a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio. Todo isto de conformidade co artigo 123 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao que se realice a publicación,



Concello da Coruña

de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso administrativa, sen prexuízo de calquera outro que estimen pertinente.

O expediente estará a disposición dos interesados, durante o prazo dun mes, nas dependencias do Departamento de Xestión do Solo, sitas no edificio de Urbanismo, Praza Indalecio Prieto, 2º andar, en horario de 9:00 a 14:00, previa cita que poderán solicitar por escrito no Rexistro municipal ou na dirección de correo electrónico gestionsuelo@coruna.gal.

A Coruña, na data da sinatura electrónica

A alcaldesa

P.D. (Decreto 3531/2024, do 19 de xuño; BOP núm. 123, do 27 de xuño)

Francisco Dinís Díaz Gallego

Concelleiro delegado responsable da Área de Urbanismo, Rehabilitación e Vivenda